

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN, O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022

FEITOS

- 1 A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade convocou un concurso para elaborar unha exposición sobre a obra, a época e a lingua de Florencio Delgado Gurriarán, o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que esta viviu.
- 2 O obxecto deste certame foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Florencio Delgado Gurriarán e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomente o labor de investigación do alumnado sobre a obra, a época, a lingua e a etapa sociolingüística da autora homenaxeada.
- 3 Neste certame puideron participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- 4 A convocatoria estableceu dúas categorías:
Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.
Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A xestión da convocatoria realizouse conforme as bases da convocatoria, establecidas na Resolución do 22 de outubro de 2021 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se aproban as bases e se convoca o concurso para elaborar a exposición sobre Florencio Delgado Gurriarán, o autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2022.



Unha vez recibido o ditame da Comisión de Selección, que valorou os traballos presentados de acordo coa base 11 da convocatoria,

RESOLVO:

- 1 Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A a exposición ***Florencio Delgado Gurriarán, poeta do agro***, elaborada polo CEIP Plurilingüe Virxe do Camiño, de Rubiá, Ourense, que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar deserto o premio correspondente á categoría B por non presentarse ningún traballo nesta categoría.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

